



## ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 18 DE MARZO DE 2022

### **Asistentes:**

#### **Presidente**

Prada Rodríguez, Julio

#### **Vicedecanos**

Arribas Álvarez, M<sup>a</sup> Carmen  
Presedo Garazo, Antonio

#### **Secretario**

Rodríguez Teijeiro, Domingo

#### **PDI**

Barriocanal López, Yolanda  
Comendador Rey, Beatriz  
López Díaz, María  
Pérez Losada, Fermín  
Pérez Rodríguez, Fco. Javier  
Reboreda Morillo, Susana  
Uña Álvarez, Elena de  
Vaquero Díaz, M<sup>a</sup> Beatriz

#### **PDI contratado**

Campos Álvarez, Xosé Ramón  
Domínguez López, Ángel

#### **Estudantes**

Domínguez Carrera, Lucía  
González Jorge, David  
Rama Mosquera, Alejandro

#### **PAS**

Rodríguez Bouzas, Josefa

#### **Desculpan ausencia:**

#### **Estudantes**

Lozano Ramírez, Amado Tierra  
Rodríguez Álvarez, Lucía

A xunta realízase de xeito presencial na sala de Profesorado do Edificio de Facultades e de xeito virtual, mediante o Campus Remoto, na sala de xuntas 1 da Facultade de Historia, reuníndose os membros que figuran á marxe o venres 18 de marzo de 2022 ás 10.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 16 de decembro de 2021.
2. Informe do presidente.
3. Aprobación, se procede, dos cambios en diferentes coordinacións e comisións.
4. Aprobación, se procede, da bolsa de horas de recoñecemento de xestión docente para o curso 2022/2023.
5. Aprobación, se procede, da oferta de materias optativas de 4<sup>o</sup> para o curso 2022/2023.
6. Aprobación, se procede, da PDA para o curso 2022/2023.
7. Aprobación, se procede, da proposta de modificación do regulamento de TFG (arts. 2.4., 2.5., 4.3., 5.1., 5.3, 6.2.e), 6.3.b), 6.3.c.), 7.4 e 9).
8. Validación, se procede, dos seguintes novos procedementos aprobados pola Comisión de Calidade da UVigo con data 22/02/2022:
  - 8.1. DE01 Índice 05. Programación e desenvolvemento estratéxico
  - 8.2. Novo Manual de Calidade do Centro e Novo Manual de Calidade Institucional.
9. Validación, se procede, dos rexistros dos seguintes procedementos:
  - 9.1 R3 PE02 P1. Listaxe de accións formativas derivadas de necesidades detectadas do PDI.
  - 9.2 R1-DO0301 P1. Verificación/Chequeo de información pública.
  - 9.3 102 R3-DO102 P1. Informe de revisión interna.
10. Sorteio composición Xunta Electoral para elección de Reitor/a e representantes do Claustro e para a elección de decano/a.
11. Asuntos de urxencia.
12. Rolda de intervencións.

O decano da lectura aos nomes dos membros da Xunta de Facultade que desculpan a súa ausencia á sesión, e que se relacionan á marxe desta acta.

## **1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 16 de decembro de 2021.**

Apróbase por asentimento.

## **2. Informe do presidente.**

Informa o decano das circunstancias do seu nomeamento, que aceptou por responsabilidade, coa intención de convocar eleccións no prazo previsto e co desexo de que se presenten candidaturas. Pide que conste en Acta o seu agradecemento a Carmen Arribas, Antonio Presedo e Domingo Rodríguez por aceptar ser parte do equipo decanal neste período transitorio, así como a todas e a todos os que continúan ou se incorporan ás diferentes comisións ou asumen outras responsabilidades. Asemade, pide que conste en acta o agradecemento como Xunta de Centro a Susana Reboreda por todo o traballo realizado durante estes 7 anos.

A continuación comenta os asuntos que foron aprobados en Comisión Permanente. Na Xuntanza de 20 de xaneiro o informe da actividade docente solicitado polo profesor D. Ángel Miramontes Carballada e na xuntanza de 11 de febreiro o cambio de horario das prácticas da materia de Historia contemporánea de España correspondentes ao grupo G1 (do martes de 12 a 13 h ao mércores de 13 a 14 horas) por mor da coincidencia no horario do profesor Adrián Presas Sobrado con outro grupo e materia.

Da conta da existencia dun presuposto de 5.134 €. para reparacións nunha serie de dependencias do Pavillón II e fai referencia á xuntanza que mantivo con Javier Rodeiro (director de infraestruturas) e David Pérez (o enxeñeiro responsable da Unidade Técnica) o 18 de febreiro e na cal coincidiron en que resulta inútil emprender tarefas de pintado ou un simple enfoscado porque o problema é estrutural. Daquela licitarán uns traballos iniciais no exterior de rexuntado e illamento que roldarán os 9.000 € e logo no medio prazo veranse resultados e empezarán a tratar no interior con solucións axeitadas.

Informa o decano de que foi preciso instalar unha nova cámara na Aula 0.6 e pide a concienciación do alumnado para un mellor mantemento dos



equipamentos, xa que o importe desta substitución e é case o equivalente a unha saída de estudos.

A continuación informa das distintas xuntanzas que tivo co alumnado: delegados de curso e representantes nas diferentes comisións; semipresenciais e PCEO. As peticións do alumnado poden resumirse nas seguintes:

- Que ao inicio do cuadrimestre todas as materias estean abertas e poidan dispoñer de todo o material para o seu seguimento.
- Que se é posible se lles facilite canto antes a nota das diferentes prácticas, especialmente se hai máis de parecida natureza para que poidan corrixir os fallos.
- Conexión en remoto e gravación das sesións non só teóricas senón tamén prácticas con carácter xeral e non só cando houbese alumnado en situación de confinamento.
- Existencia de ocos nos horarios, especialmente complexo no caso do PCEO, pero que tamén afecta a outros cursos.

Comenta a seguir a xuntanza do profesorado co psicólogo Calos Vila en relación ao alumnado PIUNE, celebrada o 24 de febreiro, e cualifica de moi significativas e ilustrativas as achegas do profesorado que impartiu clases a este alumnado no primeiro cuadrimestre, así como da bolsa de diversidade.

Informa o decano da proposta de Xornadas de Innovación docente en relación coas actividades de difusión da Facultade. En cursos anteriores dentro das actividades de difusión estaba a organización do premio *Cómo ensinas historia?*, orientado ao ensino Secundario, experiencia que cualifica de interesante para o Grao xa que nos permite estar presentes nos Institutos. Considera o Decano que, ademais de visibilizar a Facultade, é preciso visibilizar o que os docentes realizan no eido da innovación docente, con vistas, entre outras cousas, á posible implantación do sexenio docente. Ademais, considera interesante amosarse receptivos a propostas que veñan de fora, pero que se orienten á innovación docente en Historia, Arte e Xeografía na Universidade, dando cabida tamén a propostas procedentes do Ensino Secundario. Neste sentido suxire a realización dunhas xornadas de innovación docente a xeito dun taller práctico que tamén sirva para xerar materiais para as prácticas, con formato enlatado on line (gravación de vídeo) para que tamén sexa accesible ao alumnado semipresencial. Invita ao profesorado da Facultade a participar coas súas achegas.

Intervén a prof. Beatriz Comendador, quen amosa a súa dispoñibilidade e a do seu grupo de innovación docente a colaborar nas xornadas, agradecendo ao decano a súa boa disposición, así como a do resto dos membros da Xunta.

Finalmente, o decano resume o calendario académico aprobado para o curso 2022-2023, destacando as datas de inicio e remate dos dous períodos lectivos.

### **3. Aprobación, se procede, dos cambios en diferentes coordinacións e comisións.**

Da conta o decano dos cambios nas distintas comisións da Facultade, sinalando que a maioría son debidos ao cambio no equipo decanal. O plantexamento do equipo decanal e implicar a maior parte do profesorado e agradece a dispoñibilidade dos membros das distintas comisións e a dos profesores e profesoras que agora asumen novas tarefas. Chama a atención sobre a composición da Comisión de Calidade, xa que o novo Manual de Calidade do Centro obrigará a realizar cambios no Regulamento de Réxime Interno da Facultade e, tamén, á aprobación dun novo regulamento para a Comisión de Calidade. Nos vindeiros meses procederase a realizar estes cambios normativos e logo haberá que adaptar novamente a composición da comisión. En consecuencia, a composición que se aproba agora terá que ser modificada nuns meses.

Apróbanse os cambios en coordinacións e comisións por asentimento.

### **4. Aprobación, se procede, da bolsa de horas de recoñecemento de xestión docente para o curso 2022/2023.**

En relación coa bolsa de horas, o decano sinala que esta se reduciu en 8 horas respecto do curso anterior e comenta a continuación os criterios seguidos para a proposta de reparto:

- Visibilizar na medida do posible aquelas tarefas que nos toca facer e non teñen ningún recoñecemento.
- Trasladar a estas tarefas parte do fondo anteriormente asignado á participación en Tribunais de TFG para facer visible a participación do profesorado na coordinación de cursos e nas distintas comisións das que forma parte, sempre que a pertenza non sexa automática por razón do cargo que se ocupa.
- Recoñecer a implicación do profesorado en tarefas e coordinación que non teñen un recoñecemento específico, p. ex.: coordinación alumnado PIUNE ou a figura do Responsable COVID.
- Tamén se pretende ir aproximando o número de puntos que unha determinada actividade supón á hora do seu recoñecemento na bolsa co número de horas que se lle atribúen.

Comenta o cadro no que se presenta a proposta e, sobre a terceira columna sinala que se corresponde co reparto final, como resultado da renuncia ás horas que lle corresponderían a el como recoñecemento polo cargo de

decano e a renuncia que tamén fai o prof. Xosé Ramón Campos Álvarez, un xesto de xenerosidade digno de agradecer, xa que no seu caso si que se traduciría en menos horas de docencia.

O prof. Fermín Pérez Losada pregunta por que aparecen algunhas cifras en vermello no cadro. Responde o decano que son horas por activades novas, e que as que aparecen en verde son aquelas que se incrementan pola cesión de das súas horas e as que corresponderían ao prof. Xosé Ramón Campos.

Apróbase a bolsa de horas por asentimento.

## **5. Aprobación, se procede, da oferta de materias optativas de 4º para o curso 2022/2023.**

Comenta o decano o procedemento seguido este ano para que o alumnado de 3º curso elixira as materias optativas que se ofertarán en 4º no vindeiro curso académico, inspirado pola idea de facelo máis transparente e xerar as evidencias precisas. En esencia, dende Secretaría da Facultade enviouse un formulario para facer a elección entre as materias propostas, certificando o secretario o reconto. Engade que foron seleccionadas as mesmas materias que no presente curso.

Aprobase por asentimento a oferta de materias optativas.

## **6. Aprobación, se procede, da PDA para o curso 2022/2023.**

Sinala o decano que na PDA incrementábase o número de horas respecto ao curso actual, razón pola que se enviou o correo no que se aludía á posibilidade de incrementar o número de grupos e os criterios priorizados a xuízo do equipo decanal, que comenta detalladamente.

Engade que recibíronse cinco peticións de duplicar grupos: Historia Antiga da Península Ibérica, Xeografía aplicada e Historia Moderna de España de 3º curso; e Historia Antiga universal e Arte medieval de 2º curso.; e nove peticións de triplicar grupos, catro delas subsidiariamente no caso de que a Xunta se pronunciase por triplicar grupos e, daquela se tivese que ir a un sorteo.

A proposta consiste en aceptar as cinco peticións de duplicación de grupos e non empezar a triplicar grupos naqueles cursos nos que aínda non existen, partido da base de que se no futuro é preciso diminuír os grupos por diminución nas horas globais a impartir, deberíase principiar por axustar aqueles nos que na actualidade existen tres. Deste xeito en 1º curso quedarían 3 materias con tres grupos (Fundamentos de Xeografía Física, Inglés e Teoría e Método da Arqueoloxía) e 7 materias con 2 grupos. En 2º 9 materias con 2 grupos (todas agás Hª medieval Universal). E en 3º, 6 materias con 2 grupos e 4 con 1 grupo. E en 4º todas as materias cun único grupo.

Tendo en conta a necesidade de proceder á adscripción aos Departamentos das materias que conforman a PDA do Centro, a Xunta de Facultade acorda adscribir a totalidade das materias que a integran exclusivamente ao Departamento de Historia, Arte e Xeografía (D00h05), agás a materia “Idioma Moderno: Inglés para humanidades”, que se adscribe ao Departamento de Filoloxía Inglesa, francesa e alemá (D00h04).

## **7. Aprobación, se procede, da proposta de modificación do regulamento de TFG (arts. 2.4., 2.5., 4.3., 5.1., 5.3, 6.2.e), 6.3.b), 6.3.c.), 7.4 e 9).**

Sinala o decano que boa parte dos cambios veñen impostos pola aprobación dun regulamento por parte da Universidade destinado a protexer a confidencialidade dos TFG e TFM realizados en empresas cuxas actividades sexan susceptibles de especial protección. Esta modificación debe ser incorporada aos respectivos regulamentos.

Outras modificacións fan referencia ao *adianto no inicio do proceso de inscrición do TFG* motivado pola necesidade de cumprir con suficiencia as horas asignadas a esta materia pensando no alumnado do PCEO, que debe defender o seu TFG no primeiro cuatrimestre do sexto ano. *A segunda afecta ao número máximo de TFG* que pode titorizar cada docente e, tendo en conta que se incrementou o número de matriculados, parece razoable incrementar ese número a seis, eliminando a cláusula de excepcionalidade que recolle o actual regulamento; engade que non é unha cifra pechada, senón unha proposta para que a Xunta se pronuncie sobre ela. *A terceira modificación*, propón é eliminar a cláusula que establece a defensa presencial e permitir a defensa virtual de común acordo por parte do estudante e titor/a, sempre que se garanta a defensa pública.

Diferentes membros da Xunta comentan que lles parece ben o número de TFG máximo proposto, polo que apróbanse as modificacións do regulamento do TFG por asentimento.

## **8. Validación, se procede, dos seguintes novos procedementos aprobados pola Comisión de Calidade da UVigo con data 22/02/2022:**

**8.1. DE01 Índice 05. Programación e desenvolvemento estratéxico**

**8.2. Novo Manual de Calidade do Centro e Novo Manual de Calidade Institucional.**

## **9. Validación, se procede, dos rexistros dos seguintes procedementos:**

**9.1 R3 PE02 P1. Listaxe de accións formativas derivadas de necesidades detectadas do PDI.**

**9.2 R1-D00301 P1. Verificación/Chequeo de información pública.**

**9.3 102 R3-D0102 P1. Informe de revisión interna.**



O decano presenta en conxunto os puntos 8 e 9 xa que se trata de procedementos validados pola comisión de calidade, insiste sobre o comentado a propósito da Comisión de Calidade e invita aos membros da Xunta a intervir ou facer calquera precisión.

Apróbanse os puntos 8 e 9 por asentimento.

## **10. Sorteo composición Xunta Electoral para elección de Reitor/a e representantes do Claustro e para a elección de decano/a.**

Dado que hai tres procesos electorais previstos propónse elixir unha única xunta electoral para os tres.

Comenta a prof. Susana Reboreda que lle parece un traballo excesivo para quen resulte elixido. A vicedecana, María del Carmen Arribas, matiza que se trata da Xunta Electoral, non da mesa de votación que é a que realmente ten maior traballo; algo co que se mostra de acordo a prof. Susana Reboreda.

Realizado o sorteo, a Xunta Electoral queda composta polos seguintes membros:

### Vogal Representante do P.D.I

Titular: Fco. Javier Pérez Rodríguez

Suplente: María López Díaz

### Vogal Representante P.A.S.

Titular: Josefa Rodríguez Bouzas

Suplente: M<sup>a</sup> Carmen Arribas Álvarez

### Vogal Representante Estudiantes

Titular: María Martiñá Álvarez

Suplentes: Lucía Rodríguez Álvarez  
Yerai Caamaño Rodríguez

## **11. Asuntos de urxencia.**

Non hai.

## **12. Rolda de intervencións.**

Non se producen.



Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10,54 h do día 18 de marzo de 2022, da que eu como secretario dou fe co visto e prace do decano.

O decano

O secretario

Julio Prada Rodríguez

Domingo Rodríguez Teijeiro